

APROVISIONAMIENTO

2004

7.- O almacén dunha empresa rexistra os seguintes movementos das existencias a o longo do ano 2003. O 2 de xaneiro: Compra 60 unidades a 700 euros; o 18 de febreiro compra 50 unidades a 750 euros; o 9 de maio vende 80 unidades; o 14 de xuño compra 10 unidades a 770 euros e o 30 de setembro vende 20 unidades. Supoñendo que existen 30 unidades de existencias iniciais valoradas a 690 euros.

Pídese: a) Calcular as existencias finais de mercadorías polo método LIFO (1 pto). b) Calcular as existencias finais de mercadorías polo método FIFO (1 pto). c) Comenta as diferencias de valoración derivadas da aplicación destes métodos (0, 5 pts).

XUÑO 2005

7.- A empresa ALFA, S.A. comercializa recambios de coches. A principios do mes de xaneiro do 2004 contaba cunhas existencias de 1.200 unidades a un prezo de 400 u.m. por unidade.

Durante o mes de xaneiro realizou as seguintes operacións: o día 3 compra 350 unidades a 600 u.m. por unidade; o día 10 compra 750 unidades a 850 u.m. Por unidade; o día 18 vende 400 unidades; o día 20 vende 1.200 unidades; o 24 compra 300 unidades a 1.200 u.m. Por unidade e o día 30 vende 600 unidades.

Pídese: a) Valora as existencias de mercadorías no almacén a fi nais de mes polo método FIFO (1 pto). b) Valora as existencias de mercadorías no almacén a fi nais de mes de acordo co método LIFO (1 pto), c) Explica as diferencias entre os resultados obtidos por ambos métodos (0,5 pts).

SETEMBRO 2005

7.- Unha empresa ten unha demanda anual dos seus artigos de 250 unidades cun prezo de compra de 3,40 u.m. por unidade. O custo fi xo de xestión dos pedidos é de 15 u.m. por cada pedido. O custo variable de mantemento de existencias é de 3 u.m. por unidade.

Pídese: a) Calcular o volume óptimo de pedido (1 pto). b) Calcular o número de pedidos que realiza a empresa ó ano e o coste total dos stocks (1 pto). c) Comenta o significado dos resultados obtidos nos apartados anteriores(0,5 pts).

XUÑO 2006

6.- Unha empresa que se dedica á comercialización de lavadoras ten ó comezo do ano 2004, 100 unidades no almacén valoradas en 600 euros a unidade. Ó longo de dito exercicio realizou as seguintes operacións: en febreiro comprou 100 unidades a 670 euros/unidade. En marzo, vendeu 150 unidades. En xullo, comprou 200 unidades a 710 euros/unidade. En setembro, vendeu 120 unidades e finalmente en decembro, comprou 200 unidades a 880 euros/unidade.

Pídese: Valorar as existencias de mercadorías a 31 de decembro segundo: a) O método FIFO. (1 pto.). b) O método LIFO. (1 pto.). c) Comenta os resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 pts)

SETEMBRO 2007

2. Unha empresa ten unha demanda do seu produto de 800.000 unidades anuais. O custo de mantemento anual no almacén de cada unha destas unidades é de 15 € e cada pedido xera uns custos fixos de 2.000 €.

Pídese:

a) Determinar o tamaño óptimo que debe ter cada pedido. (1 pto.)

b) Calcular o número de pedidos que debe facer cada ano e determinar cada canto tempo debe realizar un pedido. (1 pto.)

c) Comentar a utilidade de coñecer os valores calculados nos apartados anteriores. (0,5 pts.)

SETEMBRO 2009

2.- A empresa DOORSA dedícase á fabricación de portas. Para completar o proceso de fabricación necesita dispoñer de existencias de fechos no seu almacén. Partindo da base de que non conta con existencias iniciais

e tendo en conta que os movementos rexistrados no primeiro trimestre do ano son:

7 de xaneiro: Compra 100 fechos a 36 euros/unidade.

29 de xaneiro: Compra de 150 fechos a 46 euros/unidade.

11 de febreiro: Entréganse ao departamento de montaxe 100 fechos.

15 de febreiro: Compra de 80 unidades a 40 euros/unidade.

12 de marzo: Entréganse ao departamento de fabricación 170 fechos.

Pídese:

a) Realizar a ficha de almacén correspondente ao primeiro trimestre utilizando o método FIFO. (1 pto.)

b) Realizar a ficha de almacén empregando o método do prezo medio ponderado. (1 pto.)

c) Comentar os resultados dos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

XUÑO 2010

O 15 de outubro a empresa Boxmusic, S.A., dedicada á venda e distribución de aparatos de reprodución de música, tiña no seu almacén 300 aparatos valorados en 90 €/unidade segundo o criterio do prezo de

adquisición. O 15 de novembro compra 150 aparatos máis a 95 €/unidade, e o 25 do mesmo mes adquire

outros 250 aparatos a 105 €/unidade. O 1 de decembro vende 500 aparatos. Tendo en conta estes datos, pídese:

4.1.- Calcular o valor final das existencias o 2 de decembro utilizando o método do prezo medio ponderado. (1 pto.)

4.2.- Calcular o valor final das existencias o día 2 de decembro utilizando o método FIFO. (1 pto.)

4.3.- Baseándote nos resultados anteriores, comentar brevemente algunha das repercusións que pode ter para a empresa a elección do método de valoración de existencias. (0,5 ptos.)

SETEMBRO 2011

PUERTASA é unha empresa que se encarga da comercialización de portas de madeira. O día 2 de xaneiro dispoñía no seu almacén de 600 portas valoradas, segundo o prezo de adquisición, a 120 € a unidade. O día 12 de xaneiro do mesmo ano adquiriu a un provedor 300 a un prezo de 115 € a unidade. O 15 de xaneiro comprou 500 unidades máis a un prezo de compra unitario de 130 €. O día 30 de xaneiro vendeu a unha empresa construtora 1000 portas.

Pídese:

4.1. - Confeccionar a ficha de almacén utilizando o método do Prezo Medio Ponderado. (1 pto.)

4.2. - Confeccionar a ficha de almacén utilizando o método FIFO. (1 pto.)

4.3. - Comentar brevemente os resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

XUÑO 2012

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa de nova creación, ten durante o mes de maio as seguintes entradas en almacén do produto que vai comercializar:

DATA	ENTRADA (UNIDADES)	
1 de maio	300	0,9
12 de maio	130	1,5
27 de maio	45	1,8

O 30 de maio vende 330 unidades. Tendo en conta estes movementos,

Pídese:

4.1.- Calcular o valor do almacén despois da venda utilizando o método FIFO. (1 pto.)

4.2.- Calcular o valor do almacén despois da venda utilizando o método do Prezo Medio Ponderado. (1

pto.)

4.3.- Baseándote nos resultados obtidos nos apartados anteriores, comenta brevemente as implicacións

que ten para a empresa a elección do método de valoración de existencias. (0,5 ptos.)

SETEMBRO 2013

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa hipotética presenta os seguintes movementos de almacén respecto a un artigo X durante o

presente ano:

Existencias iniciais o 1 de xaneiro: 500Kg cun prezo unitario de 100 €

15 de febreiro: compra de 100 Kg a un prezo unitario de 105 €

7 de marzo: venda de 300 Kg a un prezo unitario de 127 €

22 de abril: compra de 250 Kg a un prezo unitario de 110 €

19 de maio: venda de 300 Kg a un prezo unitario de 135 €

Pídese:

4.1.-Valorar os inventarios finais mediante o método do prezo medio ponderado. (1 pto.)

4.2.-Valorar os inventarios finais mediante o método FIFO. (1 pto.)

4.3.-Comparar os resultados dos apartados anteriores e explicar a diferenza na valoración final das

existencias (0,5 ptos.)

XUÑO 2015

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A principios de ano, as existencias iniciais dunha empresa que comercializa un único produto eran de 500

unidades, adquiridas a un prezo de 20 euros. O 5 de marzo compra 300 unidades a un prezo de 25 euros.

O 6 de abril vende un lote de 200 unidades.

Con estes datos, pídese:

3.1.-Elaborar unha ficha de almacén utilizando o método do Prezo Medio Ponderado. (1 pto.)

3.2.-Valorar as existencias finais segundo o método FIFO. (1 pto.)

3.3.-Compara o valor das existencias finais en ambos os dous casos e comenta o resultado. (0,5 ptos.)